

HJALMAR SÖDERBERG

O doutor Glas



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2022.



Irmás Cartoné, 2023

Título orixinal: *Doktor Glas*

Tradución do sueco: David Ángel Álvarez Martínez

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-126247-3-1

Dep. legal: C 1351-2023

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización expresa por escrito dos titulares do Copyright ©.

HJALMAR SÖDERBERG

O doutor Glas

Tradución de David Á. Álvarez Martínez



Nunca vin un verán igual. Tempo de canícula desde mediados de maio. Un neboeiro espeso de po en completa calma cobre as rúas e as prazas.

Tan só á noite se pode revivir un chisco. Dei un paseo vespertino hai uns momentos, cousa que fago case a diario despois das miñas visitas aos pacientes, que non son moitas agora no verán. Chega unha brisa fresca e constante do leste, o neboeiro elévase, afástase amodo e convértese nun longo veo de poeira vermella no poñente. Xa non se oe o troupeleo do tránsito, só algunha carruaxe de cando en vez e a campá do tranvía. Baixo pola rúa devagar, atopo ás veces algún coñecido e falamos un intre no recanto dunha rúa. Mais por que hei de atopar sempre o pastor Gregorius? Non podo ver ese home sen pensar nunha anécdota que escoitei algunha vez sobre Schopenhauer. O adusto filósofo atopábase unha tarde no seu recuncho do café, só como acostumaba, cando a porta se abriu e entrou unha persoa cun aspecto pouco simpático. Schopenhauer observouno co rostro torcido pola repulsión e o horror, ergueuse deseguida, correu cara a el e comezou a baterlle na cabeza ao home co seu caxato. Non houbo outro motivo que o seu aspecto.

Pois ben, eu non son ningún Schopenhauer; cando vin ao lonxe que o sacerdote viña cara a min, na ponte de Vasa, detívenme decontado e púxenme a contemplar as vistas cos brazos apoiados na varanda da ponte. As casas grises de Helgeands-holmen*, a estragada arquitectura gótica en madeira dos vellos baños que se reflectían fragmentados na corrente de auga, os grandes e vellos salgueiros que mollan as súas follas no canal. Esperaba que o sacerdote non me vise e que tampouco me recoñecese polas costas. Eu xa case o esquecera cando de súpeto o vin á miña beira cos brazos na varanda da ponte coma min e coa cabeza de esguello, coa mesma actitude exactamente que había vinte anos na igrexa de Santiago cando eu sentaba no banco familiar a carón da miña ditosa nai e vin por primeira vez esa fisionomía horrible emerxendo do púlpito como un cogomelo espantoso cantándolle ao seu querido Pai todopoderoso. A mesma faciana grosa e agrisada, as mesmas patillas amareladas coa sucidade, talvez algo grises agora, e a mesma ollada ordinaria e misteriosa tras as lentes. Imposible evitalo. Son o seu médico, igual que o de moita outra xente, e ás veces vén visitarme cos seus alifafes.

—Boa tarde, señor párroco, como lle vai?

—Nada ben, en verdade. Ando mal do corazón, latexa de maneira irregular e párase ás veces pola noite, paréceme a min.

«Alégrome», pensei. Por min podes morrer, vello cazurro, así non te vexa máis. Ademais, tes unha muller nova e fermosa á que seguro que lle estás murchando a vida, e cando

* N. do T.: Unha das pequenas illas do centro de Estocolmo, situada entre Gamla Stan (a cidade vella) e o distrito de Norrmalm ao norte e unida por pontes a ambos. Véxase a nota seguinte.

morras, ha casar de novo cun home moito mellor. Pero en voz alta díxenlle:

—Ah, vaia, veña un día destes a verme para examinalo e ver como está a cousa.

Pero el tiña moitas máis cousas que contar, cousas importantes: vai unha calor extraordinaria e é unha parvada que constrúan un edificio tan grande para o Parlamento nesa illa tan pequena*. E a miña muller non se atopa tampouco moi ben.

Ao fin marchou e eu proseguín o meu camiño. Cheguei á cidade vella subindo por Storkyrkobrinken e meténdome polas calellas. Un solpor abafante nas fendas estreitas entre as casas e sombras estrañas nos muros, sombras que xamais se ven nos nosos barrios.

* * *

A señora Gregorius. Curiosa visita a que me fixo hai uns días. Veu á miña consulta; vin ben cando chegou e veu con tempo abondo, mais agardou até o final e deixou pasar antes a outros que chegaron despois ca ela. Finalmente, entrou. Arroibouse e tatejou. Logo conseguiu mencionar que tiña dor de gorxa. Si, mais xa mellorara. «Veño outra vez mañá», dixo, «agora teño présa»...

Aínda non volveu.

Saín das calellas e baixeí a Skeppsbron. A lúa brillaba sobre Skeppsholmen, amarela limón no medio do azul. Pero todo o

* N. do T.: Trátase do *riksdag* sueco, o edificio do Parlamento, situado na pequena illa de Helgeandsholmen no centro de Estocolmo. A súa construción levouse a cabo entre os anos 1894 e 1905, ano este último no que se inaugurou, e ano de publicación da novela.

meu ánimo livián e apracible esvaecérase, o encontro co sacerdote estragárao. Que fastío que teña que haber xente coma el no mundo! Quen non lembra o vello dilema que a miúdo se presenta a debate cando se xuntan uns pobres diaños a tomar café: se puideses matar un chinés mandarín só calcando un botón na parede ou por medio dun puro acto de vontade e logo herdar as súas riquezas, faríalo? Nunca tiven vontade de responder esa pregunta, talvez porque nunca sentín de verdade a miseria dura e amarga da pobreza. Mais penso que se puidese matar ese sacerdote calcando un botón na parede, entón si que o faría.

Cando volvín para a casa envolto nese solpor pálido e tan pouco natural, a calor pareceume de novo tan oprimente como a metade do día, e dalgunha maneira, saturada de anguria. As nubes de po vermellas que se acumulaban máis aló das chemineas das fábricas de Kungsholmen, escureceran e semellaban desgrazas durmidas. Dirixinme á casa a grandes pasos baixando pola igrexa de Klara, co sombreiro na man porque a suor me mollaba a fronte. Nin sequera baixo as grandes árbores do cemiterio se sentía frescor, pero en case todos os bancos había unha parella bisbando e algúns sentaban nos xeonllos do outro e bicábanse con ollos ebríos.

* * *

Estou sentado á beira da miña fiestra aberta e escribo isto... Para quen? Para ningún amigo e para ningunha amiga, nin sequera para min mesmo, porque non leo hoxe o que escribín onte, nin o vou ler mañá. Escribo para mover a man, os pensamentos móvense de seu; escribo para matar unha hora insomne. Por que non podoo durmir? Non cometín ningún crime.

O doutor Glas

* * *

O que escribo nesta folla non é ningunha confesión; ante quen debería confesarme? Non conto todo sobre min mesmo. Só conto o que se me antolla contar; mais non digo nada que non sexa certo. Non podo tapar con mentiras a miseria da miña alma, se é miserable.

* * *

Aí fóra, a enorme noite azul paira sobre as árbores do cemiterio. Agora hai silencio na cidade, tanto silencio que os suspiros e os murmurios das sombras alá abaixo chegan até aquí arriba e só de xeito ocasional un riso solemne rompe a calma. Síntoo como se neste intre ningunha outra persoa no mundo estivese máis soa ca min. Eu, o licenciado en Medicina Tyko Gabriel Glas, que en ocasións axuda aos outros mais non puido nunca axudarse a si mesmo e que con trinta e tres anos cumpridos xamais estivo cunha muller.

Que profesión! Como é posible que entre todas as actividades profesionais escollese a que peor me acae? Un médico ten que ser unha destas dúas cousas: filántropo ou ambicioso. É certo, naquel tempo pensaba que eu era ambas as dúas cousas.

Hoxe volveu á consulta unha mulleriña que chorou, suplicou e pediu que a axudase. Coñézoa desde hai varios anos. Está casada cun funcionario menor, unhas catro mil coroas anuais ou algo polo estilo, e ten tres fillos. Os rapaces chegaron un tras outro nos tres primeiros anos. Logo conseguiu zafarse durante cinco ou seis anos, recuperou algo de saúde, forzas e xuventude e conseguiron arranxar o fogar e recuperarse dos infortunios. Por suposto, co pan moi xusto, mais así e todo parece que a cousa marchaba. E de socato, a desgraza chama de novo á súa porta.

Apenas era quen de falar entre choros.

Eu, por suposto, respondín coa ladaíña habitual que sempre recito neses casos: o meu deber como médico, o respecto pola vida humana, mesmo pola máis delicada.

Fun serio e inflexible, e finalmente tivo que marchar, avergoñada, confundida e desamparada.

Anotei o seu caso; era o número dezaioito na miña carreira, e todo malia non ser xinecólogo.

O primeiro non o esquecerei nunca. Era unha rapaza nova de vinte e dous anos máis ou menos; unha moza grande de cabelo escuro, nova e dunha beleza algo vulgar. Víase deseguida que era do tipo de muller que debeu poboar a Terra en tempos de Lutero, se é que tiña razón cando escribiu: «É igual de imposible que unha muller viva sen home como que trabe o seu propio nariz». Sangue burgués espeso. O pai era un comerciante adiñeirado; eu era o médico da familia, por iso veu onda min. Estaba alterada e fóra de si, mais non apoucada.

—Sálveme —pediu—, sálveme.

Respondín aducindo o meu deber etc., pero era algo que, polo visto, non comprendía. Expliqueille que a lei non tomaba as cousas a broma en casos dese tipo.

—A lei? —Ollou para min inquisitiva.

Aconselleille que llo confiase á súa nai: ela falaría co pai e organizarían o casamento.

—Ai non, o meu mozo non ten nada e o meu pai nunca me perdoaría. —Non estaban prometidos, dixo «mozo» simplemente porque non atopou outra palabra mellor. Amante é unha palabra das novelas que soa indecente na linguaxe oral—. Sálveme, non ten vostede misericordia? Non sei que facer, tírome ao canal!

Impacienteime un pouco. Non me infundía tampouco unha paixón especial. Esas cousas sempre se poden arranxar se hai cartos. É só o orgullo o que sofre un pouco. Salaiou, asouu o nariz e falou con confusión. Finalmente, lanzouse ao chan espernexando e berrando.

O asunto, evidentemente, rematou como eu imaxinara: o pai, un túzaro moi basto, deulle un par de labazadas, casouna a toda présa co implicado e mandounos de viaxe de noivos.

Ese tipo de casos xamais me deron dor de cabeza. Pero sentín mágoa da mulleriña pálida de hoxe. Tanto sufrimento e penuria por un pracer tan pequeno.

Respecto pola vida humana... que é iso na miña boca senón unha ruín hipocrisía? E que outra cousa pode ser para calquera que pasase un intre ocioso a cavilar no asunto? O mundo está inzado de vidas humanas. E no tocante a esas vidas humanas alleas, descoñecidas e invisibles, ninguén as tivo xamais en seria consideración, talvez coa excepción dalgúns filántropos manifestamente ridículos. Demóstrase na acción. Todos os gobernos e parlamentos do mundo o demostran.

E o deber, que excelente amparo para agochármonos e non ter que facer o que se debería facer!

Mais tampouco pode un xogalo todo, a súa posición, a reputación, o futuro, só por axudar a xente estraña e insignificante. Sería moi inocente confiar no seu silencio. Unha amiga pode verse no mesmo aperto, alguén coméntalle en segredo onde procurar axuda, e axiña son un home marcado. Non, mellor é cingirse ao deber, aínda que sexa un decorado, como as vilas Potemkin*. Só temo que se leo a miña declaración de deber profesional tantas veces, rematarei crendo eu mesmo

* N. do T.: Dise así dunha construción real ou figurada destinada a amosar unha fachada mellorada dunha cidade ou país para agochar circunstancias adversas ou ruinosas. Cóntase que o mariscal Grigori Potëmkin mandou construír decorados de aldeas móbiles para impresionar a tsarina Catarina II de Rusia na súa visita á península de Crimea, territorio que acababa de gañarlle o Imperio Ruso ao Imperio Otomán a finais do século XVIII.

O doutor Glas

nel. Potemkin só enganou a emperatriz, pero é moito máis desprezable enganarse a si mesmo.

* * *

A posición, a reputación, o futuro. Como se eu non estivese disposto en todo momento a empacotar eses vultos no primeiro barco que chegue cargado con algunha acción.

Unha acción real.

15 de xuño

Sigo sentado onda a ventá. A noite azul vela fóra e baixo as árbores óuvense rumores e estalos.

Hoxe á tardiña, durante o meu paseo vespertino, vin unha parella casada. A ela recoñecina decontado. Non hai tantos anos que bailei con ela nas festas e non esquecín que cada vez que a vía me daba unha noite insomne como agasallo. Mais ela non sabía nada diso. Aínda non era unha muller. Era unha mociña. Era un soño feito real: o soño que ten todo home dunha muller.

Agora avanzaba firme pola rúa collida do brazo do seu home. Vestida con roupas máis caras que antes, pero máis ordinaria, máis burguesa, con algo apagado e consumido na mirada e, ao mesmo tempo, cun aceno satisfeito de esposa como se levase o seu ventre diante dela nunha bandexa de prata.

Non, non o comprendo. Por que ten que ser desta maneira, por que ten que ser sempre así? Por que o amor ten que ser o tesouro que ao outro día se converte en follas murchas, en cotra ou en papas? Da ansia humana polo amor abrollou toda esa parte da cultura que non ten como meta inmediata acalmar a fame ou defenderse dos inimigos. O noso sentido da beleza non ten ningunha outra fonte. Toda a arte, a poesía

e a música beberon dela. A pintura moderna máis ordinaria tanto como as madonas de Rafael e as humildes traballadoras parisienses de Steinlen, o «Anxo da morte»* tanto como o *Cantar dos Cantares* ou o *Buch der Lieder***, a coral e o valse vienés, cada ornamento de xeso da casa ordinaria na que vivo, cada figura do empapelado, a forma do floreiro de porcelana e o debuxo do meu chal, todo o que ten como fin enfeitar e embelecer, tanto se se consegue como se non, provén de aí, aínda que en ocasións dando moitas voltas. E non se trata dun capricho nocturno meu, senón que se demostrou centos de veces.

Pero a fonte non se chama amor, senón soño do amor.

Por outra banda, todo o que está relacionado coa consumación do soño, coa satisfacción da pulsión e do que se deriva del, ante o noso instinto máis profundo, é algo feo e indecente. Isto non é demostrable, é só unha sensación, a miña sensación. En realidade, penso que a de todo o mundo. A xente trata as historias amorosas dos demais como algo vulgar e cómico e con frecuencia nin fai excepcións coas súas propias. De aí as consecuencias... Unha muller en gravidez é algo espantoso. Unha criatura acabada de nacer é repulsiva. Un leito de morte poucas veces dá unha impresión tan desagradable como un parto, esa sinfonía de berros, porcallada e sangue.

Mais sobre todo o propio acto. Xamais esquecerei como por primeira vez de neno, baixo un dos grandes castiñeiros do patio da escola, lle escoitei a un compañeiro explicar «como

* N. do T.: *Dödens ängel* é un poema relixioso de Johan Olof Wallin (1779–1839), poeta, pastor e finalmente arcebispo de Uppsala.

** N. do T.: Primeira colección de poemas do alemán Heinrich Heine (1797–1856), considerado un dos últimos poetas románticos. O volume publicouse en 1827.

se facía». Non o quería crer; tiveron que vir algúns rapaces máis a confirmalo e a riirse da miña necidade e aínda así seguín sen crelo moito e marchei correndo de alí cheo de furia. Entón, o meu pai e a miña nai fixéranos así? E tería eu mesmo que facer iso cando fose grande? Non me podería zafar?

Sentín sempre un gran desprezo por eses rapaces maos que pintaban palabras sucias nas paredes e no taboleiro. Mais naquel momento, sentín como se o mesmo Deus pintase algo sucio naquel ceo azul de primavera e penso que foi entón cando comecei a preguntarme se de verdade había algún Deus.


Aínda hoxe sigo sen me recuperar dese abraio. Por que temos que perpetuar a vida da nosa especie e apouvirar o noso degoxo xusto por medio dun órgano que usamos varias veces ao día como desaugadoiro das nosas impurezas? Por que non pode ter lugar por medio dun acto que reúna a un tempo dignidade e beleza así como o máximo deleite? Un acto que se poida realizar na igrexa, ante os ollos de todo o mundo, igual que na escuridade e na soidade? Ou nun templo de rosas baixo o sol, con música coral e danzas por parte da congregación reunida para a voda.

* * *

Non sei canto tempo estiven a dar paseos dun lado ao outro polo cuarto.

Comeza a clarear fóra, o cataventos reloce contra o leste e os pardais chían famentos con voces afiadas.

É curioso que un calafrío sempre atravesese o ar antes da saída do sol.



ESTE LIBRO ENTROU
NO PRELO O 1 DE
SETEMBRO DE 2023

